EXERCICIOS

I: Preguntas do tema

1. Tendencias actuais da lírica.

2. Tendencias actuais da narrativa.

3. Tendencias actuais da dramática.

4. Tendencias actuais da ensaística.

SOLUCIÓN:

1. A chegada da democracia supuxo o progresivo abandono da tendencia social-realista dos continuadores da lírica de Celso Emilio e a publicación en 1976 de *Con pólvora e magnolias* de Ferrín e *Mesteres* de Arcadio López Casanova marcou o inicio dun novo rumbo poético: abandono do ton panfletario e populista para volver á preocupación pola forma e o rigor estético. Esta poesía, sen deixar de estar comprometida coa realidade do país, volve ao preciosismo formal e á profundidade conceptual. Os poetas dos nosos tempos seguen dúas tendencias:

a) O regreso ás orixes da poesía. Tendencia que segue un grupo de poetas en Vigo (Xavier Rodríguez Baixeras, Xosé María Álvarez Cácamo, Manuel Forcadela, Anxo Quintela, Román Raña), outro en Santiago, o grupo "Cravo Fondo" (1977) (Xulio López Valcárcel, Ramiro Fonte, Helena Villar) e outro na Coruña (Manuel Rivas, Lois Pereiro, Miguel Anxo Fernán-Vello, Darío Xohán Cabana, Claudio Rodríguez Fer, Pilar Pallarés).

b) O regreso á forza renovadora da poesía. É unha tendencia rompedora que xorde en Vigo paralelamente á anterior co grupo "Rompente". Esta poesía aproxímase á escrita automática de ascendencia surrealista. Os principais membros deste colectivo son Antón Reixa, Alberto Avendaño e Manuel Mª. Romón.

2. A partir de 1980 a narrativa galega ten un espectacular desenvolvemento debido a varias causas, entre elas: a escolarización en galego, a convocatoria de premios e concursos, o labor divulgativo dos xornais, a calidade da produción,... Dúas son as tendencias que segue esta narrativa:

a) Achegamento a novas formas narrativas. Este é un intento de crear unha novela galega de quiosco, seguindo modelos de fóra: ciencia-fición, intriga policial,... Destaca nesta tendencia a produción de Carlos Reigosa (*Crimen en Compostela*, 1984), Aníbal C. Malvar (*A man dereita*, 1994; *Unha noite con Carla*, 1995) e Xosé Fernández Ferreiro (*A morte de Frank González*, 1975; *Reportaxe cósmico*, 1982).

b) Volta á tradición. Esta tendencia xorde en contraste coa anterior. É unha tendencia enraizada no ser de Galicia e dos galegos. As liñas temáticas desta narrativa son:

-Artúrico-cunqueiriana: Darío Xohán Cabana: *Galván en Saor* (1989).

-Histórica: Víctor F. Freixanes: *O triángulo inscrito na circunferencia* (1982).

Xosé Fernández Ferreiro: *Agosto do 36*.

Manuel Rivas: *O lapis do carpinteiro* (1998).

-Realista: Manuel Rivas: *Todo ben*, (1985), *Un millón de vacas* (1990),...

Suso de Toro: *Polaroid*, 1986.

Outros autores: Paco Martín, Xosé Manuel Martínez Oca, Alfredo Conde, Xavier Alcalá,...

3. A actividade teatral xirou nos últimos anos en torno ao Centro Dramático Galego e algúns grupos independentes. Os afeccionados puideron ver as montaxes de obras clásicas galegas, *Os vellos non deben de namorarse* (Castelao), *A noite vai coma un río* (Cunqueiro) ou de autores máis novos, como Vidal Bolaño (*Agasallo de sombras*), Fernán-Vello (*A casa dos afogados*) e tamén de versións de autores de fóra como *O enfermo imaxinario* de Molière, *A pousadeira* de Carlos Goldoni, *As tres irmás* de Chekjhov, *As alegres casadas* de Shakespeare,...

Debe salientarse tamén a irrupción de series na TVG (Pratos combinados, Mareas vivas, Rías Baixas, Padre Casares...) e a aparición dun incipiente cine galego (Sempre Xonxa,...). Neste eido queda moito por facer.

4. O ensaio continúa o seu desenvolvemento nos últimos anos do século XX e primeiros do XXI, destacando o labor de Valentín Paz Andrade (*Castelao na luz e na sombra*), Xosé Chao Rego (*Eu renazo galego. Ensaio sobre a identidade galega*, *Para comprendermos Galicia*), Méndez Ferrín (*De Pondal a Novoneyra*, *Poesía galega posterior á guerra civil),* María Xosé Queizán (*Evidencias*) ou Xosé Manuel Beiras (*Por unha Galicia liberada*).

II: Comentario de texto

Texto 1:

Le dúas veces o seguinte texto:

Agosto.
Pasa a choiva devorando horizontes.
Esfiáñase a tarde nos carreiros.
Chove. Batalla o sol coa auga
sen ganas.
O meu cuarto, no que dorme o silencio.
Sombras, corvos, un libro nunha esquina.
Agardo.
Os bruídos da aldea tecen a súa nostalxia
no solpor estrañado.
¡Ou, señardade,
soidade que atravesas o tempo e o asulagas,
agosto de invernía, ou puñal de tristeza,
corazón meu ferido!

PILAR PALLARÉS:*Entre lusco e fusco*

1. Establece o seu tema e relaciónao cos temas que trata a poesía dos oitenta.

2. Comenta as imaxes e metáforas que utiliza a poeta para presentar o seu estado de ánimo.
3. Analiza no poema recursos como o paralelismo, a aliteración, a personificación e o encabalgamento.

SOLUCIÓN:

1. Polo coidado da linguaxe, a perfección formal e polo tema intimista: a señardade ou soidade.

2. Proxección sentimental sobre unha paisaxe de chuvia, a soidade é *puñal de tristeza*, a choiva personificada *devora* metafórica e hiperbolicamente os horizontes; a tarde, que vai rematando no escurecer, é, nunha prodixiosa imaxe, unha tea que se *esfiaña* coa chuvia. Personificación de moitos elementos coma sol, auga, silencio, etc.

3. Os versos 2 e 3 son paralelísticos. Acumulación de eses e fricativas para suxerir o silencio e a soidade. Encabalgamentos suaves para suxerir o fluír suave do tempo.

Texto 2:

Le detidamente o seguinte o texto:

O batifondo do tráfico na hora punta do venres ao anoitecer era enorme, a xente con présa por abandonar o centro da cidade e marchar ós barrios e urbanizacións dos arredores. Non podía pensar en nada, non quería pensar en nada... Motores, luces e latas por tódolos lados, un fragor de fondo e un estrépito sobre el, os fumes que eran máis perceptibles no aire frío e escuro desa noite. E eu navegaba polo medio e por riba de todo iso, como algo alleo... Así xa non pensaba en nada.

SUSO DE TORO: *Calzados Lola*

1. Indica o tipo de narrador que presenta; e técnicas, como a aliteración, a hipálaxe ou mesmo a estética do feo.

2. Reflexiona sobre o tema do texto. Caracterízase polo seu localismo ou polo seu carácter universal?

3. Sitúa o autor do texto dentro da xeración á que pertence. Cita outros membros da súa xeración. Con que outras xeracións de narradores conviven?

SOLUCIÓN:

1. Presenta un narrador protagonista que relata os feitos en primeira persoa. O texto describe a sensación de vertixe que invade ao narrador-protagonista cando contempla o tráfico de venres. O ruído deste tráfico aparece certeiramente aludido pola onomatopea *batifondo*. A enumeración de *motores, luces, latas*... contribúe tamén a producir esta sensación de mareo, que se ve acentuada polo epifonema *un fragor de fondo e un estrépito sobre el*. É de salientar tamén a acumulación sinestésica de sensacións: escuridade ao anoitecer, frío, ruídos, malos olores, etc.

2. Ten un carácter universal, pois presenta a contaminación, tanto atmosférica como acústica, da gran cidade, así como o estrés que produce en quen a ten que sufrir.

3. Pertence á xeración que se deu a coñecer na década dos oitenta e que confirmarán a súa mestría na década dos noventa. Xunto con Rivas, Suso de Toro é xa considerado unha das grandes figuras desta xeración e cítanse como obras de gran calidade *Polaroid, Tic-Tac, Calzados Lola, Círculo* ou *Non volvas*, premio da Crítica do ano 2001.